

## 2. Entidade organizadora.

Centro de estudos Cacumen.

## 3. Data.

15, 22, 29 de outubro e 5 de novembro de 2005.

## 4. Lugar de celebración.

Cacumen. Concepción Arenal, 18-1º. 27004 Lugo.

## 5. Número de prazas.

Máximo 18 alumnos.

6. Dirixido a todo o persoal auxiliar dos servizos de aplicación de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, non clasificados como moi tóxicos, e persoal de establecementos.

## 7. Criterios de selección.

Por rigorosa orde de recepción de solicitude de inscrición.

## 8. Presentación de solicitudes.

Enviaranse a Cacumen (r/ Concepción Arenal, 18-1º. 27004 Lugo. Teléfono 982 24 39 44. Fax 982 28 41 61 cacumen@cacumenlugo.com) por fax, carta ou e-mail, acompañado da seguinte documentación:

-Solicitude segundo modelo anexo I.

-Xustificante de que ingresou a cota de 180 €/alumno na conta número 0030-6046-41-0387862273, do *Banesto*.

## 9. Data límite para a presentación de solicitudes.

Ata o 11 de outubro de 2005.

## 10. Programa.

|            |               |   |
|------------|---------------|---|
| 15-10-05   | 9.00-11.00 h  | Praguicidas. Descrición e clasificación dos distintos tipo de praguicidas. Riscos derivados da manipulación de praguicidas  |
|            | 11.00-14.00 h | Principais pragas. Pragas ambientais. Loita contra as pragas ambientais. Métodos de loita antivectorial   |
| 22-10-2005 | 9.00-11.00 h  | Técnicas de aplicación de praguicidas. Praguicidas e ambiente. Problemas de destrución de envases   |
|            | 11.00-14.00 h | Hixiene e seguridade na manipulación de praguicidas. Intoxicación, prevención, diagnóstico e primeiros auxilios   |
| 29-10-2005 | 9.00-14.00 h  | Prácticas: as principais pragas e métodos de loita. Métodos de prevención contra pragas   |
| 5-11-2005  | 9.00-11.00 h  | Prácticas: uso axeitado dos medios de protección persoal. Aplicación de distintos métodos de loita contra as pragas ambientais. Técnicas de aplicación de praguicidas. Destrución de envases. |
|            | 11.00-14.00 h | Prácticas: actuación e primeiros auxilios ante intoxicacións por praguicidas  |
|            | 16.00-17.00 h | Exame tipo test   |

## 11. Certificado de superación do curso:

É obrigatoria a asistencia a todas as sesións do curso. Finalizado este, a entidade organizadora realizará as probas pertinentes que avalíen os coñecementos adquiridos polo alumnos e en caso de superalas expedirá o certificado correspondente co que poderá solicitar á Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade o carné de aplicador/manipulador de praguicidas de uso ambiental e na industria alimentaria, nivel básico.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2005.

Ramón Medina González-Redondo  
Director xeral de Saúde Pública

## ANEXO I

Ficha de solicitude de inscrición.

Curso para a capacitación de aplicadores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, nivel básico.

Entidade organizadora: centro de estudos Cacumen. Data: 15, 22, 29 de outubro e 5 de novembro de 2005.

Lugar de celebración: Centro de estudos Cacumen. Concepción Arenal, 18-1º. Lugo.

Duración: 20 horas teórico/prácticas e 1 hora proba avaliación.

Horario: 9.00 a 14.00 (avaliación día 5-11-2005 das 16.00 ás 17.00 horas).

Nº máximo de alumnos: 18.

Prezo: 180 euros por alumno. Pagados mediante xustificante de ingreso (*Banesto* nº cta. 0030-6046-41-0387862273).

Inscrición: enviar boletín de solicitude a Cacumen r/ Concepción Arenal, 18-1º. 27004 Lugo. Teléfono 982 24 39 44. Fax 982 28 41 61 cacumen@cacumenlugo.com xunto co xustificante de pagamento antes do 11 de outubro. As inscricións realizaranse por rigorosa orde de chegada (solicitude + xustificante de pagamento).

Empresa: ... CIF ...

Enderezo: ... CP: ...

Localidade: ... Provincia: ...

Teléfono: ... Fax: ...

E-mail: ...

Apelidos, nome: ... NIF: ...

## ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 19 de setembro de 2005  
pola que se convoca un curso sobre xestión  
de servizos públicos locais.*

Dentro do plan de actividades da EGAP para o 2005, e a través do Centro de Estudos Locais de Galicia, conforme coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase un curso sobre xestión de servizos públicos locais, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Primeira.-Obxectivos.

Dar a coñecer, en profundidade, as distintas formas de xestión de servizos públicos locais, facendo unha análise da problemática de cada unha delas, nos aspectos xurídicos, económicos e incluso técnicos, de xeito que, unha vez rematado o curso, os asistentes poidan realizar un asesoramento global aos xestores que teñan que tomar decisións nesta materia.

**Segunda.-Destinatarios.**

Funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, e demais técnicos de corporacións locais, pertencentes aos grupos A ou B, con responsabilidade de xestión de servizos públicos e que realice tarefas de asesoramento nesta materia.

**Terceira.-Desenvolvemento.**

3.1. Duración: 30 horas.

3.2. Lugar: Centro de Formación da Deputación Provincial de Ourense, rúa Progreso, 30.

3.3. Datas: 14, 21 e 28 de outubro, 4, 10, 18 e 25 de novembro, 1, 15 e 22 de decembro de 2005.

3.4. Horarios: das 17.00 ás 20.00 horas.

3.5. Prazas: 35.

**Cuarta.-Solicitudes.**

O persoal que desexe participar no curso programado deberá solicitalo coa presentación da instancia que segundo modelo oficial figura como anexo I desta resolución, e cubrila en todos as súas epígrafes, e na cal se farán constar, en todo caso, os seguintes datos:

Descrición do posto de traballo que desempeña na actualidade, acompañando á solicitude a certificación, que figura como anexo II desta resolución, en que conste o tipo de traballo que realiza e a súa relación co contido do curso.

Conformidade da entidade en que presta servizos. Cando solicite máis dun interesado da mesma corporación, deberase especificar a orde de preferencia.

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.

As solicitudes irán dirixidas ao director da EGAP, e presentaranse no rexistro xeral da Deputación Provincial de Ourense ou Departamento de Formación Continua, r/ Progreso, 30, 2º-32003 Ourense, ou tramitaranse por calquera das outras formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 4 de outubro de 2005.

Seguidamente, efectuarase a selección dos participantes e esta notificaráselles directamente aos admitidos e publicarase na páxina web: [www.egap.xunta.es](http://www.egap.xunta.es)

**Quinta.-Selección.**

Os criterios de selección suxeitaranse ás directrices sinaladas na Resolución do 11 de febreiro de 2004, pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades da EGAP (DOG nº 34, do 18 de febreiro).

**Sexta.-Modificacións.**

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que puidesen xurdir

no desenvolvemento do curso, así como a de anulalo se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

**Sétima.-Certificado de aptitude.**

Para obter o correspondente certificado de aptitude e a correspondente valoración do curso, os alumnos deberán presentar, nun prazo de dous meses desde o remate das sesións, unha memoria sobre algún dos servizos públicos que se presten na entidade local en que desenvolvan as súas tarefas profesionais. Deberán analizarse as cuestións xurídicas, económico-financeiras e contables e, se é o caso, técnicas, que se presenten. Nas conclusións da memoria deberá realizarse unha proposta de actuación, en que se conteñan as medidas necesarias para mellorar o funcionamento e organización do servizo nos aspectos analizados.

A expedición do certificado queda supeditada, ademais, á asistencia regular ás clases, de xeito que a inasistencia non poderá ser igual ou superior ao 15% das horas lectivas programadas.

**Oitava.-Valoración.**

Para os efectos do establecido na resolución do INAP do 26 de outubro de 1994, BOE nº 267, do 8 de abril, e corrección, BOE nº 311, do 29 de decembro, pola que se establecen os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de Administración local en cumprimento do establecido na orde do Ministerio para as Administracións Públicas do 10 de agosto de 1994, ao presente curso outorgáraselle unha puntuación de 0,80 puntos.

**Novena.-Contido.**

Aproximación ao concepto de servizo público. A xestión directa e interna dos servizos públicos locais. A descentralización funcional dos servizos públicos locais: xestión directa a través dun ente instrumental (I): os organismos autónomos. A descentralización funcional dos servizos públicos locais: xestión directa a través dun ente instrumental (II): as entidades públicas empresariais. As sociedades mercantís de capital integramente público. Outras formas de xestión de servizos públicos locais. As fundacións públicas. Os consorcios. A xestión indirecta dos servizos públicos locais. A concesión administrativa de servizos públicos. As sociedades mercantís de economía mixta para a xestión de servizos públicos. Outras formas de xestión indirecta de servizos públicos locais. Os concertos. As xestións interesadas. Os convenios interadministrativos. As tarifas dos servizos públicos locais: cuestións financeiras, orzamentarias e contables. Os estudos de custos de servizos públicos. A planificación estratéxica con respecto aos servizos públicos locais. A dirección por obxectivos e os cadros de mando.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2005.

Antonio Izquierdo Escribano  
Director da Escola Galega de Administración Pública

## ANEXO I

|   |  |
|---|--|
| <b>1.- CURSO OU ACTIVIDADE SOLICITADA</b>   |  |
| Denominación  |  |
| Resolución da convocatoria  | N.º DOG Data publicación                             |
| Lugar de realización  | Datos Horario  |
| <b>2.- SOLICITANTE</b>  |  |
| Apelidos  | Nome DNI   |
| Enderezo particular: rúa, N.º   | Localidade Provincia CP Tel.º                        |
| <b>3.- DATOS ADMINISTRATIVOS</b>  |  |
| Clase de persoal (func. event, inter, lab. temporal, etc.,)   | Corpo Grupo/Categoría                                |
| NRP   | Data de ingreso no corpo Data de ingreso na Admón.   |
| Posto de traballo: denominación   | Nivel Data de nomeamento                             |
| Admón: autonómica/local/universitaria/estatal, etc.,  | Consellería ou entidade de pertenza Centro directivo |
| Enderezo do posto de traballo: rúa, N.º   | Localidade (Provincia) Tel.º Fax: CP                 |
| Breve descrición das tarefas do posto de traballo que teñan especial relación co obxecto do curso   |  |
| <b>4.- DATOS ACADÉMICOS</b>   |  |
| Títulos   | Centros Duración Data de expedición                  |
| Cursos realizados na EGAP   |  |
| <b>5.- DECLARACIÓN-SOLICITUDE</b>   |  |
| - Declaro baixo a miña responsabilidade que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran na presente solicitude. |  |
| - Solicito tomar parte no curso ou actividade de referencia.  |  |
| ....., de ..... de 2005<br>(sinatura)   |  |
| Asdo.: .....  |  |
| <b>6.- INFORME DO/A XEFE/A DO CENTRO DIRECTIVO</b>  |  |
| Vista a solicitude e o interese para o servizo, emítese informe sobre a asistencia ao curso ou actividade solicitada                      |  |
| <input type="checkbox"/> favorable  |  |
| <input type="checkbox"/> desfavorable   |  |
| ....., de ..... de 2005<br>(Sinatura e selo do órgano informante)   |  |
| Asdo.: .....  |  |
| DIRECTOR DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.  |  |

*ANEXO II*

... Xefe de persoal do concello ou entidade local...

**CERTIFICO:**

Que..., no desempeño do seu posto de traballo de... realiza tarefas directamente relacionadas co contido do curso...

..., ... de... de 2005.

Asdo.:...

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

*Orde do 12 de setembro de 2005 pola que se resolve convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, por Orde do 1 de xullo de 2005 (DOG nº 134, do 13 de xullo), en uso das facultades e atribucións conferidas pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, no seu artigo 15.4º, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, modificado polo artigo 6 da Lei 3/1995, do 10 de abril, visto o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e demais normativa vixente, esta consellería

**DISPON:**

Primeiro.-Declarar deserto o posto de traballo de asesor xurídico da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relación Laborais, convocado por Orde do 1 de xullo de 2005 (DOG nº 134, do 13 de xullo), de conformidade co previsto no punto sexto da dita orde.

Segundo.-Contra esta orde, que esgota vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*; de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxi-

me xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2005.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

*Resolución do 21 de setembro de 2005, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por promoción interna no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), pola que se publican as puntuacións definitivas da fase de concurso.*

En sesión celebrada o día 21 de setembro de 2005, o tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por promoción interna no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), convocado por orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 28 de xuño de 2004, de conformidade coa base II.2.6 da convocatoria,

**ACORDOU:**

Primeiro.-Desestimar as reclamacións formuladas por Elsa Carreira García, Beatriz Monteagudo González, Ana María González Masid, Mercedes Rodríguez Iglesias e Esther Vigo Álvarez ás puntuacións provisionais feitas públicas por Resolución do 1 de agosto de 2005 (DOG nº 149, do 4 de agosto).

Segundo.-Publicar as puntuacións definitivas da fase de concurso correspondentes aos aspirantes que superaron a fase de oposición que se sinalan no anexo da presente resolución.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, os aspirantes poderán presentar recurso de alzada perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado desde o seguinte a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2005.

Ramón Talín Mariño  
Presidente do tribunal